

PONTEVEDRA DURANTE A ÉPOCA DE MANUEL QUIROGA

Manuel Quiroga nace no ano 1892 nunha Pontevedra pequena e provinciana cunha importante actividade cultural, pero carente de tradición instructiva musical. Daquela tiña unha poboación de 20.000 habitantes e cun réxime de Restauración monárquica.

Porén estuda nos mellores centros de formación, obtén importantísimos premios e é aplaudido nas salas de concertos máis afamadas. É un artista no sentido máis amplo: dandy e polifacético. Escribe partes virtuosísticas para o seu instrumento cun estilo que destaca por ser expresivo, cunha correcta dicción e con gran beleza de son.

Nesta época Pontevedra destaca por ser unha das cidades españolas en ter maior desenvolvemento urbanístico tras a modernización de servizos como a iluminación eléctrica, a rede telegráfica e telefónica, a traída de augas ou a praza de abastos.

No aspecto cultural hai que citar o LICEO, lugar de numerosas actividades como conferencias, audicións musicais, e representacións teatrais. Era un lugar de encontro da aristocracia da cidade, as clases medias, e os empresarios. As actividades do Liceo inclúen a presenza de escritores como Azorín, Emilia Pardo Bazán, Galdós, Murguía,...

No campo musical destacan a presenza de numerosos orfeóns e coros. Destaca o coro de Perfecto Feijoo, cuxo obxectivo foi dar a coñecer e recuperar o repertorio do folclore galego. A actividade que realiza o TEATRO PRINCIPAL, edificio contíguo ao Liceo, é moi importante incluíndo temporada de ópera, zarzuelas e audicións privadas.

En definitiva, en Pontevedra, a pesar de ser unha vila pequena, a finais do século XIX, había un ambiente cultural dinámico e diverso.